



PROXECCIÓN DO DOCUMENTAL “O ÚLTIMO DE ARGANEO”

de **David Vázquez**

XOVES 29 DE XUÑO DE 2023 – 20:30 horas
NA CASA DA CULTURA DE VILALBA



O Instituto de Estudos Chairegos (IESCHA), con apoio da Área de Cultura-Vicepresidencia da Deputación de Lugo, organiza a proxección do documental **O ÚLTIMO DE ARGANEO**, de **DAVID VÁZQUEZ**, e terá lugar na **Casa da Cultura de Vilalba**, o **XOVES 29 DE XUÑO DE 2023, ás 20:30 horas**. Contaremos coa presenza do seu director, **David Vázquez**.

SINOPSE

Despois de levar a vida de estudante en Ponferrada, Edilberto Rodríguez, de 24 anos, decide volver ao monte e dedicarse a pastorear un rabaño de cabras. Co recordo dos seus avós moi presente, "O último de Arganeo" recolle a historia de Edilberto, un mozo pastor orgulloso da herdanza dos seus antepasados, e que reivindica as tradicións de lugares deshabitados e as lembranzas dunha forma de vida ao borde da extinción.

DAVID VÁZQUEZ

Técnico de son en CEV (Madrid), 'Dirección de Cine, Vídeo e Televisión' en FUNIBER (Barcelona), traballou en son directo, en CTV para TVG 3 anos como técnico de son e cámara.

En 1998 foi un dos fundadores de Chantada Comunicación, unha das primeiras tv locais de Galicia, cámara da serie "Cabodomundo" a primeira serie de ficción gravada por unha televisión local (Televente Chantada). Na actualidade é freelance audiovisual como Pinancho Audiovisuais. (<https://aguilarfilmfestival.es>)

FILMOGRAFÍA:

Empantanados (2006). As almas do Fental (2009). Asolagados (2013). O Moredo "A resistencia do Entroido Ribeirao" (2016). Narote (2019). A Rosa incandescente (2022).

FICHA TÉCNICA

Compañía de produción: **Pinancho Audiovisuais**

Dirección: **David Vázquez**

Guión: **David Vázquez, Lorena Gallardo**

Fotografía: **Humberto Novoa y David Vázquez**

Montaxe: **David Vázquez**

Sonido: **Humberto Novoa**

Música: **Edilberto Rodríguez**

Distribución: **Pinancho Audiovisuais**

Duración: **30 min**

Ano: **2022**



"No peor da pandemia da COVID, o cineasta de Chantada **David Vázquez** decidiu chamar a un rapaz do que xa lle falaran varias veces. Tiña un proxecto parado e non quería renunciar a gravar. Así coñeceu a Edilberto Rodríguez, protagonista do filme 'O último de Arganeo', que deixou a universidade para ser pastor coma o seu avó." (<https://vinte.praza.gal>)

ENTRADA LIBRE ATA COMPLETAR AFORO